

DIRIXIDO A:

Alumnado de 3º, 4º de E.S.O y Bacharelato. As sesións están pensadas para un grupo-clase (non máis de 30 alumnos), xa que se pretende que sexan proveitosas e xeradoras de significados, non unha mera actividade puntual.

MATERIAL:

Para o desenvolvemento das sesións o centro deberá dispoñer de:

- Proxector de vídeo ou DVD

PARA MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

Foro de Inmigración de Santiago

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque 6-bis. C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 57 61 42

foroinmigracionsantiago@yahoo.es

Concellería de Benestar Social

U.A.M.I

Praza Camilo Diaz Baliño, 15 B

C.P.15704 – Santiago de Compostela


Tfno. 981 54 24 95

migracions@santiagodecompostela.org

CAMPAÑA EDUCATIVA

*Tratamento non estereotipado
nos medios de comunicación*

IGUAIS EN IGUALDADE



XUSTIFICACIÓN:

Na medida na que os medios de comunicación participan na construción de valores, estereotipos e actitudes, teñen a responsabilidade social de procurar que estes valores, estas imaxes e estas actitudes contribúan á convivencia, ao respecto mutuo e á consolidación de formas democráticas de liberdades e participación.

A influencia social dos medios e a publicidade fai necesario que o alumnado coñeza a repercusión que esta representación estereotipada ten sobre a permanencia na sociedade de prexuízos hacia a poboación inmigrante e actitudes que fomentan a desigualdade de xénero.

É preciso un esforzo normalizador á hora de tratar as informacións que teñen como protagonista ao colectivo inmigrante e as diferenzas de xénero, potenciando entre o alumnado a igualdade e o respecto; mediante o achegamento crítico que lles permita filtrar esas mensaxes. Con esta campaña pretendemos favorecer a integración do colectivo inmigrante e a convivencia, e comprometer ao alumnado na construción dunha sociedade máis xusta e humana onde todos teñamos cabida.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- Sensibilizar o alumnado sobre a realidade do colectivo inmigrante, estimulando unha actitude empática e comprensiva que contribúa a creación dunha sociedade intercultural.
- Reflexionar sobre os estereotipos presentes na sociedade e sobre a forza dos medios de comunicación para perpetualos.
- Achegar ao alumnado dunha maneira crítica e razoada ao fenómeno da inmigración e a perspectiva de xénero.

Específicos:

- Sensibilizar ao alumnado sobre a imaxe nos medios de comunicación do colectivo inmigrante, así tamén das mulleres e homes.
- Coñecer as clases de mensaxes, intencións e ideoloxías usadas polos medios masivos de comunicación, é dicir, os contidos implícitos e subliminares dos mesmos.
- Descubrir as diferentes formas nas que a publicidade utiliza diferentes colectivos como destinatarios do produto-objeto e como objeto, perpetuando estereotipos e a violencia de xénero.
- Proporcionar os coñecementos básicos sobre a igualdade dende o marco conceptual.

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase en dúas sesións de aproximadamente, dúas horas. Preferiblemente en semanas consecutivas.

En todo momento, a persoa responsable fará de guía, de orientadora, procurando deixar que o alumnado se exprese con total liberdade dentro dun espazo de respecto. Como acto final de campaña valorarase a posibilidade de organizar un acto público no que os/as participantes na campaña **Iguais en igualdade** poidan sacar á rúa o traballo feito nas aulas.

1ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Empezaremos a sesión cunha proxección dunha curtametraxe Galego (15 mins), na cal ao superpoñer e intercalar diferentes vídeos e planos de festas tradicionais galegas suxire a existencia dunha guerra en Galicia. Partindo do curtametraxe reflectirase sobre a influencia que exercen os medios de comunicación ao emitir determinadas imaxes e estereotipos sobre algúns colectivos (inmigrantes, homes, mulleres, .. etc).

En conxunto definiremos que grupos son obxecto desta discriminación e as razóns destas accións. A continuación analizaremos de forma crítica algunhas novas, titulares, fotografías, publicidade, chistes gráficos, etc... sobre a intención dese tratamento estereotipado, e as súas consecuencias.

Como alternativa das boas prácticas da comunicación nos apoiaremos no Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración, redactado polo Foro de Inmigración de Santiago de Compostela e o xornalista Guillermo Pardo. Visionando noticias e reformulando o contido para non continuar creando fronteiras imaxinarias dende a linguaxe.

2ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Nesta sesión levarase a cabo unha dinámica por grupos de análise crítica da realidade dirixida a tomar postura ante ela, analizando os exemplos recollidos polo alumnado na última semana.

En primeiro lugar proporase ao alumnado unha serie de actividades dirixidas a que expresen a súa experiencia persoal coa emigración e inmigración e ante os estereotipos e prexuízos dominantes na sociedade. A continuación deberán ir definindo cal é a súa postura ante esas realidades para rematar concretando accións que poidan levar a cabo como grupo na construción dunha sociedade integradora e intercultural.